

Informe de memoria final

Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Segundo ciclo de infantil

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005038	CEIP Plurilingüe de Prácticas	A Coruña	2023/2024

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapas	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Inf.	Comunicación e representación da realidade	4º Inf.	A
Inf.	Comunicación e representación da realidade	5º Inf.	A
Inf.	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	A
Inf.	Crecemento en harmonía	4º Inf.	A
Inf.	Crecemento en harmonía	5º Inf.	A
Inf.	Crecemento en harmonía	6º Inf.	A
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	4º Inf.	A
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	5º Inf.	A
Inf.	Descubrimento e exploración da contorna	6º Inf.	A
Inf.	Relixión Católica	4º Inf.	A
Inf.	Relixión Católica	5º Inf.	A
Inf.	Relixión Católica	6º Inf.	A

Memoria final do ciclo/departamento

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

A valoración xeral do desenvolvemento das programacións é boa. As tres titoras do ciclo de infantil xunto coa mestra de apoio do ciclo, levaron a cabo as actividades programadas e traballaron na consecución por parte do alumnado dos diferentes contidos e obxectivos propostos no Decreto curricular do ciclo. Os resultados académicos do alumnado do ciclo de infantil en xeral son os esperados, sempre tendo en conta as diferencias individuais de cada neno, respetando os diferentes ritmos madurativos así como as necesidades específicas de apoio educativo que se presentan en dúas das aulas de infantil, en 5º e en 6º. Sinalar tamén que o novo grupo de alumnado de 4º de infantil que se incorporou ao centro este curso, tivo moi boa adaptación xa no período de adaptación que a titora programou conforme o establecido na Orde de calendario escolar.

Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo

A valoración xeral das actividades desenvolvidas no ciclo de infantil este curso 2023/24 é boa. Fixéronse as actividades programadas así como diferentes proxectos de investigación a través dos cales o alumnado traballou os contidos das diferentes áreas dunha forma globalizada. Entre estes proxectos destacamos: O mar, Viaxe a Italia, O mundo polar.

Destacar tamén a ampla participación por parte das familias do ciclo en xeral na dinámica "Familias á escola", xa que o longo de todo o curso escolar viñeron ás diferentes aulas: nais, pais, avós... a facer actividades co alumnado de diferente tipo, despertando moito interese e motivación nos nenos e nenas e resultando unha dinámica moi enriquecedora para a comunidade educativa en xeral.

Por outra banda, realizáronse o longo do curso as seguintes actividades complementarias:

- 13 de novembro: saída a Afundación Abanca para a visita da exposición guiada "Emocións en perigo" por parte do alumnado de 6ºEI.
- 17 de novembro: visita ao centro do contacontos "Gallina gallineta" de educación en valores.
- 14 de decembro: saída ao museo Domus por parte do alumnado de 6ºEI.
- 20 de decembro: visita do alumnado de infantil ao centro da 3ª idade co motivo do Nadal.
- 21 de decembro: visita ao centro dos Reis Magos, festival de Nadal e festexo con degustación de chocolate con churros.
- 9 de febreiro: celebración do Entroido.
- 16 de febreiro: visita ao museo de Belas Artes por parte do alumnado de 5ºEI.
- 5 de marzo: visita ao Porto da Coruña por parte do alumnado de 6ºEI.
- 21 de marzo: visita a María Pita dentro do programa "Coruña aventura" por parte do alumnado de 5ºEI.
- 5 de abril: visita ao parque de Santa Margarita dentro do programa "El aire que nos rodea" por parte do alumnado de 4ºEI.
- 13 de maio: visita á biblioteca municipal dos Rosales por parte do alumnado de 4º e 5º de EI.
- 27 de maio: charla de educación vial da policía local da Coruña aos nenos de 4º e 5º de EI.
- 28 de maio: visita á "Instalación do hábitat mariño" nunha aula habilitada na Nornal.
- 6 de xuño: grabación na aula de 6ºEI dun pódcast co equipo de Cuac FM.
- 13 de xuño: saída de todo o ciclo ao Centro de Capacitación Agraria de Sergude

Propostas de mellora para o seguinte curso

O equipo de profesorado do ciclo de infantil propón para o seguinte curso:

- Facer as entradas pola mañá máis curtas na fila. Parécenos moito tempo de espera na fila 10 minutos e algunha familia tamén se queixou deste tempo de espera. Poderíase reducir a 5 minutos.
- Facer unha saída de fin de curso máis preto da nosa localidade, xa que a que fixemos este ano aos nenos gustoulles moito pero fíxoselles especialmente longo o camiño. Hai granxas escolas preto da Coruña que teñen un custo de entrada pero pensamos que sería máis indicado para esta idade.
- Propoñemos que na media sesión restante da hora de inglés se faga un programa de estimulación da linguaxe oral por parte de algunha das mestras especialistas en audición e linguaxe que hai no centro. Xa



que consideramos que sería moi beneficioso para o alumnado en xeral.

- Tamén consideramos que en función da disponibilidad horaria, se é posible, a mestra de educación física do centro poida dar a sesión de psicomotricidade semanal á aula de 6º de EI.
- Propoñemos tamén, de ser posible, unha maior puntualidade por parte das especialistas en AL e PT así como o persoal axudante técnico educativo, principalmente no alumnado con NEAE que requira unha atención moi específica e sin a cal, a titora non pode atender axeitadamente a toda a aula.

Outras observacións

Durante este curso escolar, o alumnado do ciclo de Educación Infantil participou en diferentes actividades propostas polos equipos de traballo do centro.

Dentro do Equipo de Medioambiente:

- Participación na plantación do noso horto escolar así como no seu mantemento e limpeza.
- Realización de diferentes receitas dentro da aula coa colleita que os nenos e nenas fixeron dos produtos do noso horto.

Dentro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega:

- Participación nos contacontos e actividades de "Os contos do Trasnó".
- Participación no concurso "Faime rir".
- Decoración do Maio da escola.

Dentro do Equipo de Plurilingüismo:

- O alumnado de EI participou como público en actividades organizadas polo departamento de Plurilingüismo, como a `Pancake Race`, que tivo lugar antes do Entroido, ou cantando un Xmas Carol co alumnado de Primaria.

Dentro do Departamento de Orientación e benestar emocional:

O alumnado atendido no 2º ciclo de educación infantil, por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica foron tres alumnos/as, e pola especialista de Audición e Linguaxe catro.

Algunhas das actuacións levadas a cabo polo DO foron as seguintes:

- Participar na información ás novas familias do funcionamento do centro e do período de adaptación.
- Asesoramento á comunidade educativa.
- Asesoramento xeral na acción tutorial.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes.
- Actuacións promotoras da Convivencia.
- Coordinación cos Servizos Externos.
- Asesoramento e seguimento do Plan de Transición.

Dentro da Coordinación de Benestar e Punto Laranxa:

Presentación ante todo o ciclo de Educación Infantil co fin que os alumnos a coñezan e poidan contactar con ela para o que precisen.

Durante o curso escolar 23/24, en xeral, houbo unha boa convivencia. Tanto entre as crianzas da mesma aula como cos outros niveis educativos, sen contar os pequenos conflitos que xorden entre elas, froito da convivencia e que soen ser moi habituais nestas idades. Adoptáronse medidas de carácter preventivo, xa que non observamos situacións preocupantes.

Dentro do Equipo de Biblioteca:

- Participación durante todo o curso no préstamo de libros da biblioteca.
- Participación no préstamo da mochila viaxeira.
- Contacontos entre ciclos.
- Participación no "Biblio patios"
- Presentación da mascota da biblioteca "Xocas"
- Lecturas ao aire libre.
- Participación no "Merca libro solidario".

Informe de memoria final

Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Primeiro ciclo de primaria

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005038	CEIP Plurilingüe de Prácticas	A Coruña	2023/2024

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapas	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Ciencias da Natureza	1º Pri.	A
Pri.	Ciencias da Natureza	2º Pri.	A
Pri.	Ciencias Sociais	1º Pri.	A
Pri.	Ciencias Sociais	2º Pri.	A
Pri.	Educación física	1º Pri.	A
Pri.	Educación física	2º Pri.	A
Pri.	Educación plástica e visual	1º Pri.	A
Pri.	Educación plástica e visual	2º Pri.	A
Pri.	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	A
Pri.	Lingua castelá e literatura	2º Pri.	A
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	A
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	2º Pri.	A
Pri.	Lingua galega e literatura	1º Pri.	A
Pri.	Lingua galega e literatura	2º Pri.	A
Pri.	Matemáticas	1º Pri.	A
Pri.	Matemáticas	2º Pri.	A
Pri.	Música e danza	1º Pri.	A
Pri.	Música e danza	2º Pri.	A
Pri.	Proxecto competencial	1º Pri.	A
Pri.	Proxecto competencial	2º Pri.	A
Pri.	Relixión Católica	1º Pri.	A

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapa	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Relixión Católica	2º Pri.	A

Memoria final do ciclo/departamento

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O desenvolvemento das programacións didácticas foi satisfactorio agás nas áreas de ciencias sociais e naturais que faltaron por traballar algúns contidos debido, a gran parte, aos cambios de titores durante o curso escolar. Non obstante en matemáticas, pese ao anteriormente comentado, acadamos os contidos mínimos referidos ao curso.

O grupo de 1º de E.P está conformado por 25 alumnos/as, dos cales, un alumno con A.A.C.C que recibiu apoio por parte da especialista en pedagogía terapéutica, desde o segundo trimestre (dúas sesión á semana). Po outra banda, dúas nenas e un neno precisaron de reforzo educativo, tanto por parte da titora como do profesorado con dispoñibilidade horaria.

Todo o alumnado superaron os criterios de avaliación de todas as áreas.

SEGUNDO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O desenvolvemento das programacións didácticas foi satisfactorio e, agás algún pequeno desaxuste nas de Ciencias, o seu seguimento foi como se plantexara a comezo de curso. Traballáronse todos os contidos reflectidos no currículo, e o grado de consecución dos mesmos foi, na súa maioría, satisfactorio.

O grupo integrado por 23 alumnos, dos cales un cambiou de centro no 3º trimestre, presentou un grado apropiado de adquisición dos distintos contidos e de desenvolvemento competencial. Tan so cinco dos 23 alumnos/as precisaron de reforzo educativo, dos cales catro recibiron apoio dento e fora da aula por persoal docente membro do equipo de orientación, a maiores dos apoios realizados por outro profesorado na aula. Todos os alumnos e alumnas superaron todas as materias do curso e, polo tanto, promocionan a terceiro.

MÚSICA E DANZA

As programacións deste ciclo vertébranse en torno a unha obra musicla: "O entroido dos animais" en 1º de primaria e "O mundo dos obxectos sonoros" en 2º; empregadas para desenvolver ao longo de todas as UDs os diferentes contidos reflectidos no currículo.

Así no 1º trimestre partimos do coñecemento da obra plantexada para profundizar nela e no compositor da mesma, para discriminar, nun segundo momento, as calidades do son e conceptos como línea melódica, tempol... para rematar o coa aprendizaxe de diferentes elementos da linguaxe musical.

Arrancou o segundo trimestre traballando contidos relacionados coa educación vocal como as voces humanas, agrupacións vocais e a interpretación de cancións. De este xeito, na segunda unidade didáctica do trimestre realizáronse diferenentes exercicios rítmicos que foron interpretándos con percusión corporal ou diversos materiais da aula, para despois empregar instrumentación PAI. No 3º trimestre realizáronse actividades enfocadas a identificar visual e auditivamente os instrumentos musicais máis relevantes, os clasificandoos nas súas 3 grandes familias, así como a clasificar os instrumentos PAI (metal, madeira e membrana), e profundizando nos exemplos máis relevantes e característicos de instrumentos cada familia presentes na obra traballada. Construíronse instrumentos a partir da análise feita. No último trimestre traballouse o folclore galego, a danza e a dramatización, sempre co leimotiv da obra empregada ao longo do curso.

Todo o alumnado aprobou a materia.

EDUCACIÓN FÍSICA

Ao longo deste curso, seguindo a programación elaborada para a área de Educación Física traballáronse por cursos os seguintes contidos:

Ao longo do primeiro trimestre traballáronse en maior medida os aspectos relacionados coas capacidades perceptivo motrices, comezando co esquema corporal para continuar coa lateralidade e a estruturación



espacial. O segundo trimestre estivo enfocado ao desenvolvemento das habilidades motrices básicas co propio corpo e con obxectos. O terceiro trimestre enfocouse ao traballo con cordas (individual e colectiva), ao xogos populares e xogos con distinto tipo de material (globos, frisbee) e ao traballo da expresión corporal.

Todo o alumnado aprobou a materia.

LINGUA EXTRANXEIRA

As actividades receptivas adquiren unha importancia primordial e especialmente as auditivas por ser a comunicación oral a máis directa entre os seres humanos e sobre todo entre os nenos. As mensaxes refírense especialmente a contidos próximos ó alumno que o estimulan a participar e lle permiten ter unha experiencia de éxito na comunicación.

As destrezas escritas non se deben esquecer e intégranse coas destrezas orais e van ocupando máis espazo na aula a medida que se avanza o nivel.

As competencias que se consideran máis salientables nesta materia son competencia lingüística, aprender a aprender, a conciencia e expresión culturais e a competencia dixital.

Contribuíuse tamén á adquisición da competencia matemática a través da aprendizaxe dos números, as horas...,e á competencia social e cívica xa que a aula é unha sociedade en si mesma, traballando o respecto e interese polas intervencións dos compañeiros/as.

A avaliación é unha acción sistemática e permanentemente integrada dentro do proceso educativo có fin de mellorar o proceso, axudar e orientar ao alumnado, criticar e revisar os programas, métodos e recursos.

Os obxectivos mínimos acadáronse nun 100 % en ambos niveis do primeiro ciclo na área de Lingua Estranxeira (Inglés).

VALORACIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS /ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO DEPARTAMENTO DE PLURILINGÜISMO.

Este é o segundo ano que o centro está integrado na Rede de Centros Plurilingües, impartindo a materia de Arts & Crafts en Inglés. Cóntase coa presenza dunha auxiliar de conversa que participou na sesión semanal desta materia, na preparación de materiais, e axudando a que o alumnado amosase máis interese por aprender Inglés para comunicarse, vendo de primeira man a utilidade de coñecer outra lingua distinta das nosas.

O alumnado tamén participou de xeito moi activo no storytelling `Lost in Space`, que tivo lugar no colexio no mes de marzo, preparado previamente na sesión de Arts & Crafts e Inglés. Asimesmo e có fin de coñecer tradicións de culturas de fala inglesa leváronse a cabo actividades de Thanksgiving, Christmas, Pancake Races e Easter.

RELIXIÓN CATÓLICA

O ensino relixioso católico como materia integrada no currículo do alumno contribuíu de xeito importante, ao desenvolvemento das competencias clave do currículo.

A valoración xeral é boa,tendo en conta que Relixión ten unha única sesión á semana(nese tempo pode coincidir saídas e actividades varias). Os resultados académicos obtidos son moi satisfactorios, sobresaíndo a alta participación e a boa implicación do alumnado nas actividades propostas.O emprego dunha unha metodoloxía que respectou como principios básicos: a adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa, o respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, o respecto pola curiosidade e inquietudes dos nenos e nenas,o desenvolvemento de aprendizaxe cooperativo. a utilización educativa de recursos tecnolóxicos, o traballo cooperativo, a reflexión sobre as ideas propias, a integración das competencias básicas,a conxunción do traballo individual e o colectivo,o uso das TICs, evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos, progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, materiais visuais e manipulativos, o uso dun SAAC polos nenos que precisaron adaptacións á metodoloxía TEACCH o material de aula í axudaron en grande medida a obtención de bós resultados.

VALORACIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS/ ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO DEPARTAMENTO /EQUIPO DE CICLO

Valoración xeral moi positiva .Actividades moi variadas, atractivas, adaptadas á diversidade de alumnado. temática diversa, implicacións coas familias

Valoración xeral das actuacións/actividades desvolvidas polo departamento/equipo ciclo

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Durante o curso 2023/24 o DO desenvolveu o seu traballo de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe dende os principios de normalización, integración e inclusión (art. 71 da LOE, modificada pola LOMLOE). O mércores 06 de setembro de 2023, procedeuse á constitución do departamento segundo sinala o artigo 4 de Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

Neste curso escolar forman parte do Departamento de Orientación: a Xefa do de Departamento que comparte as súas funcións coa Xefatura de Estudos, unha Mestra definitiva de Pedagogía Terapéutica a tempo completo e, unha Mestra provisional de Audición e Linguaxe, tamén a tempo total.

O centro contou durante o curso escolar 2023 - 2024 coa intervención de dúas profesionais do Persoal Auxiliar Coidador, para atender ao alumnado con NEE que precisaba da súa atención, para poder ter un desenvolvemento adecuado no seu día a día, velar pola súa seguridade e fomentar a súa autonomía. Tanto no aplicativo DRDadi, como no DRDOrienta, ambos da Consellería de Educación, aparecen recollidos os datos do servizo de orientación, e as estadísticas de atención á diversidade deste curso 2023-2024 (alumnado con NEAE, así coma as intervencións de atención á diversidade levadas a cabo: informes, solicitudes, ditames, AC, demandas ó EOE, entrevistas coas familias, comunicación con servizos externos, etc.). A colaboración e comunicación, por parte de toda a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado, familias, servizos externos), é un aspecto a destacar.

En canto a consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación, cumpríronse na súa maioría, ampliándose en función das necesidades que foron xurdindo ao longo do curso, grazas ao traballo e colaboración de todo o equipo.

No primeiro ciclo de primaria, recibiron apoio por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica 3 alumnos/as, e pola especialista de Audición e Linguaxe 10.

Algunhas das actuacións levadas a cabo polo DO foron as seguintes:

- ¿ Asesoramento á comunidade educativa.
- ¿ Asesoramento xeral na acción tutorial.
- ¿ Actuacións promotoras da Convivencia.
- ¿ Intervencións na aula para fomentar a cohesión social, en colaboración coa coordinadora de benestar emocional.
- ¿ Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes.
- ¿ Aplicación da Proba de Comprensión Lectora ¿ ACL.
- ¿ Coordinación con Servizos Externos.
- ¿ Asesoramento e seguimento do Plan de Transición.

Coordinadora Benestar e Punto Laranxa

Presentación por aulas da Coordinadora de Benestar e Punto Laranxa co fin de que os alumnos a coñezan e poidan contactar con ela para calquera dúbida ou información que precisen. En co Punto Laranxa o seu funcionamento e a actuación en caso de necesidade. Non se deron neste ciclo grandes conflitos ou alteracións da convivencia graves. Realizáronse en coordinación co Departamento de Orientación actividades de cohesión grupal.

EQUIPO MEDIO AMBIENTE

O obxectivo xeral foi dinamizar o mantemento do noso horta escolar e o do noso invernadoiro, e seguir achegando ao noso alumnado á conservación e ao respecto pola Natureza, aproveitando este espazo tan singular do centro, coma unha fonte máis de aprendizaxe.

Ao longo do curso, leváronse a cabo múltiples actividades: "As Brigadas Antilixo", "Eco-voluntarios", coidado e mantemento do invernadoiro e dos Bancais da Horta, realizáronse sementeiros, coidado e mantemento do composteiro, iniciáronse as "Conversas na Horta", realizáronse traballos de investigación, fabricación de papel reciclado, fixemos as actividades propostas pola Rede Eco Hortas, tales como A Pirámide viaxeira, colleitouse e cociñouse dende as aulas produtos da horta (kale, coliflor, acelgas, allo porros, menta, romero, amorodos,...), elaborouse o plano da horta e do Invernadoiro coas plantacións de cada bancal, recibimos a charla dunha comitiva forestal, actualizouse o taboleiro da Horta, celebrouse a conmemoración do Día do Medioambiente a pé da Horta... entre outras.

BIBLIOTECA



A biblioteca permaneceu en reformas desde o inicio do segundo trimestre hasta fin de curso. Non obstante leváronse un gran número de actividades impulsadas desde a biblioteca do colexio, tales coma: préstamo, mochilas viaxeiras, bibliopatios, contacontos, contacontos entre ciclos, apadriñamento lector, teatro en diferentes idiomas, recomendacións lectoras (tamén a través de videos na web), visitas ás bibliotecas municipais, mercalibro solidario, Levouse a cabo un Mercadiño de intercambio de libros por alimentos. O recadado encontro con autores, ilustradore (Eva Mejuto, María Canosa, Pere Torabuella, Antonio Manuel Fraga, Andrea Maceiras), programa ¿Familias á escola¿, A través deste programa de centro, promoveuse a participación das familias en actividades relacionadas co día en contra da violencia de xénero, coa semana da prensa, co 8 de Marzo, celebración do día do libro, promoveuse o uso da biblioteca dixital ELBE-2, nos expositores dos corredores realizáronse exposicións de recomendacións lectoras, homenaxe a escritores/as facendo fincapé na persona de Luísa Villalta como escritora homenaxeada no día das Letras Galegas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Ao longo do curso fixéronse múltiples actividades complementarias, non so ligadas a datas concretas e conmemoracións, senon tamén saídas culturais. Así celebramos o Magosto, saída a Afundación para o concerto "Vaia ritmo", Forum teatro "Full house", Afundación "Emocións en perigo", CGAI "El pequeño Nicolás", visita ao museo de bellas artes, concerto da Sinfónica de Galicia no palacio da ópera "La máquina del tiempo", visita da escritora María Canosa, espectáculo de cuentos en inglés da compañía Face 2 face "Lost in the space", charla, taller e saída ao parque de Santa Margarita dentro do taller "El aire que nos rodea", concerto no Conservatorio superior de música de A Coruña, visita á biblioteca municipal dos Rosales, venres da excelencia (na que recibimos talleres e charlas dos alumnos e alumnas de outros niveis), exhibición de Policía Nacional no Coliseum, conmemoración das letras galegas e do día do medio ambiente, visita ó ecomuseo "Forno do forte" de Buño, saída ó museo do humor de Fene.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

- Samaín: lectura de contos, por alumnado de 2º- 3º ciclo, da serie ¿Dos contos do trasno¿, conto adaptado con pictogramas do libro ¿Dos arquivos do trasno¿, debuxos, contos, decoración e Magosto.
- Vocabulario visual e actividades varias sobre a muller e temáticas de conmemoración e festa (Nadal, Magosto...).
- Concurso ¿Fai-me Rir¿
- Publicacións web: calendario, conto, marcapáxinas, ...
- Participación na preparación do Maio e festa Letras Galegas: agasallos, música, actividades Luísa Villalta ...
- Talleres e actividades oratoria en galego.

EQUIPO DE TICs

Ao longo do curso o equipo de TICs levou a cabo as seguintes actividades:

- Inventario de equipos informáticos.
- Xestión da dotación de cable de red trala supresión da Aula de Informática.
- Configuración, posta en marcha e mantemento da AULA INFORMÁTICA MÓBIL.
- Resolución de incidencias leves nos equipos de profesorado e de alumnado así como de problemas de conectividade.
- Protocolo de atención de incidencias coa UNIDADE DE ATENCIÓN A CENTROS (UAC).
- Posta ao día do Plan Dixital do Centro (eduCalidade)

Propostas de mellora para o seguinte curso

- Posibilidade de reducir os libros de texto, xa que non permiten realizar outro tipo de actividades.

MÚSICA

- É necesario un espazo para impartir a clase de música, xa que nas aulas ordinarias é imposible traballar gran parte dos contidos da materia.

RELIXIÓN CATÓLICA

Estabilidade na ubicación da aula.

Maior vixianza cando se empregan ás aulas para outras actividades

Provisión de materiais didácticos para ACNEAE



Outras observacións

Informe de memoria final

Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Segundo ciclo de primaria

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005038	CEIP Plurilingüe de Prácticas	A Coruña	2023/2024

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapa	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Ciencias da Natureza	3º Pri.	A
Pri.	Ciencias da Natureza	4º Pri.	A, B
Pri.	Ciencias Sociais	3º Pri.	A
Pri.	Ciencias Sociais	4º Pri.	A, B
Pri.	Educación física	3º Pri.	A
Pri.	Educación física	4º Pri.	A, B
Pri.	Educación plástica e visual	3º Pri.	A
Pri.	Educación plástica e visual	4º Pri.	A, B
Pri.	Lingua castelá e literatura	3º Pri.	A
Pri.	Lingua castelá e literatura	4º Pri.	A, B
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	3º Pri.	A
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	4º Pri.	A, B
Pri.	Lingua galega e literatura	3º Pri.	A
Pri.	Lingua galega e literatura	4º Pri.	A, B
Pri.	Matemáticas	3º Pri.	A
Pri.	Matemáticas	4º Pri.	A, B
Pri.	Música e danza	3º Pri.	A
Pri.	Música e danza	4º Pri.	A, B
Pri.	Proxecto competencial	3º Pri.	A
Pri.	Proxecto competencial	4º Pri.	A, B
Pri.	Relixión Católica	3º Pri.	A

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapa	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Relixión Católica	4º Pri.	A, B

Memoria final do ciclo/departamento

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

Novamente iniciamos o curso coa renovación do currículo. As programacións de 4º curso foron rexistradas por primeira vez a través do Proens.

Neste curso, programáronse por primeira vez as Linguas, castelán e galega en Ambito Lingüístico. Os contidos traballáronse de maneira conxunta, evitando así as repeticións innecesarias. Fíxose fincapé nas diferenzas entre elas, afianzando así o coñecemento da ortografía, das formas verbais e da expresión oral e escrita.

En cuanto a avaliación, cremos que a aplicación Proens, xa que divide os ámbitos entre Lingua Castelá e Lingua Galega, debería de permitir que cada materia aparecese coa súa nota real, non igualar as dúas coa media obtida, para iso xa está o item xeral de Ambito.

Os resultados finais do alumnado, por estar nun entorno maioritariamente castelán- falante, son algo mellores na lingua castelá que na galega.

A programación inicial do Proxecto Competencial, sufriu modificacións. Sí empezou a desenvolverse según o inicialmente previsto, pero ao longo do curso foi adaptándose a outras actividades que xurdiron no Centro, os Talleres de Edu - Excelencia, no que se deu moita importancia a traballos en equipo, colaborativos, postas en común, presentacións na propia clase e noutras de diferentes niveis educativos. Estes cambios, cremos que foron moi positivos, porque permitiunos traballar valores como o respecto, tolerancia, educación, a través de pequenos proxectos.

No resto das materias, as programacións desenvolvéronse según o previsto.

Resultados académicos do alumnado

3º Un alumno non acadou obxectivos en tres áreas, ao ser un ciclo promociona a 4ºE.P. O resto de alumnado, na avaliación final, acadou obxectivos.

Hai alumnos que recibiron apoio educativo, un con mestra de pedagogía terapéutica e os demais coa mestra de audición e linguaxe. Ao mesmo tempo houbo unha profesora PROA dentro da aula e un profesor, unha hora á semana, en atención educativa / apoio para alumnado específico.

Grupo cohesionado, case o mesmo dende educación infantil, 2ºE.P. o mesmo alumnado no grupo; con diversos perfís, o que fai que sexa máis enriquecedor.

4º A A totalidade do alumnado acadou os contidos mínimos necesarios para promocionar ao seguinte curso. Varios alumnos /as recibiron apoio de mestras especialistas en audición e linguaxe, e da profesora de Proa. Na avaliación continua houbo, en xeral, unha progresiva mellora na adquisición das aprendizaxes.

A nivel académico é un grupo traballador e moi participativo no que a maioría do alumnado obtén moi bos resultados.

4º B

O 15% do alumnado suspenden dúas áreas, o 13% unha área, polo que o 72% superará todas as áreas, todo o alumnado acadou os contidos mínimos para promocionar ao seguinte curso.

Varios alumnos/as recibiron apoio de mestras de pedagogía terapéutica, e da profesora de Proa.

Na avaliación continua houbo, en xeral, unha progresiva mellora na adquisición das aprendizaxes.

É un grupo traballador e moi participativo.

No cuarto curso é necesario sinalar que o seren cursos con pouco alumnado, favorécese a aprendizaxe, ao poder ter mais tempo para adicarlle aos alumnos e alumnas que o precisan.

INGLÉS

A aprendizaxe dunha lingua é un proceso de construción creativa a partir da lingua recibida (oída e/ou lida). As actividades receptivas adquiren unha importancia primordial e especialmente as auditivas por ser a comunicación oral a máis directa entre os seres humanos e sobre todo entre os nenos.

As destrezas escritas non se deben esquecer e intégranse coas destrezas orais e van ocupando máis

espazo na aula a medida que se avanza o nivel.

As competencias que se consideran máis salientables nesta materia son competencia lingüística, aprender a aprender, a conciencia e expresión culturais e a competencia dixital.

Contribuíuse tamén á adquisición da competencia matemática a través da aprendizaxe dos números, as horas..., e á competencia social e cívica xa que a aula é unha sociedade en si mesma, traballando o respecto e interese polas intervencións dos compañeiros/as.

A avaliación é unha acción sistemática e permanentemente integrada dentro do proceso educativo co fin de mellorar o proceso, axudar e orientar ao alumnado, criticar e revisar os programas, métodos e recursos.

Os obxectivos mínimos acadáronse nas seguintes porcentaxes:

3º EP 25 alumnos/as 100% aprobados

4º A EP 16 alumnos/as 100% aprobados

4º B EP 14 alumnos/as 92,85 %

aprobados MÚSICA

As programacións deste ciclo vertebráronse en torno a unha obra musical: ¿Nun mercado Persa¿ en terceiro de primaria e ¿Pedro e o lobo¿ en cuarto; empregadas para desenvolver ao longo de todas as unidades didácticas os diferentes contidos reflectidos no currículo.

De tal xeito, no primeiro trimestre partimos do coñecemento da obra plantexada para profundizar nela e no compositor da mesma (A. Ketelbey e Prokofiev) para discriminar, nun segundo momento, as calidades do son e conceptos como línea melódica, tempo, carácter musical, dinámicas... para rematar coa aprendizaxe de diferentes elementos da linguaxe musical, do canto, as voces e agrupacións vocais.

Arrancou o segundo trimestre traballando a expresión instrumental, partindo da percusión corporal e do uso de PAI; sempre dentro do contexto da obra que se está a traballar ao longo do curso. De este xeito, pasouse ao uso tamén de PAD na segunda unidade didáctica do trimestre. Xa para rematar o trimestre realizáronse actividades enfocadas a clasificación e análise de instrumentos musicais e a búsqueda de información e a construción de instrumentos.

No último trimestre traballouse o folclore galego, a danza da nosa e de outras culturas e a dramatización e teatralización, sempre co leimotiv da obra empregada ao longo do curso.

Todo o alumnado aprobou a materia.

EDUCACIÓN FÍSICA

Ao longo deste curso, seguindo a programación elaborada para a área de Educación Física traballáronse no segundo ciclo os seguintes contidos:

3º e 4º de primaria: Durante o primeiro trimestre afianzáronse contidos relacionados coa lateralidade e a estruturación espacial, incluíndo variantes como compañeiros/as e adversarios que aumenten a dificultade da tarefa. O segundo trimestre dedicouse á iniciación deportiva traballando manexo de móbiles (balóns, fresbees¿) e implementos (raquetas) de xeito global. Para finalizar no terceiro trimestre traballamos con cordas (individual e colectiva), xogos populares, xogos de cooperación oposición e traballo de expresión corporal.

RELIXIÓN

O ensino relixioso católico como materia integrada no currículo do alumno contribuiu de xeito importante, ao desenvolvemento das competencias clave do currículo.

A valoración xeral é boa, tendo en conta que Relixión ten unha única sesión á semana (nese tempo pode coincidir saídas e actividades varias). Os resultados académicos obtidos son moi satisfactorios, sobresaíndo a alta participación e a boa implicación do alumnado nas actividades propostas. O emprego dunha unha metodoloxía que respectou como principios básicos: a adaptación ao ámbito emocional e cognitivo dos estudantes, respectando o desenvolvemento psicoevolutivo propio de cada etapa, o respecto polos ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno/a, o respecto pola curiosidade e inquietudes dos nenos e nenas, o desenvolvemento de aprendizaxe cooperativo, a utilización educativa de recursos tecnolóxicos, o traballo cooperativo, a reflexión sobre as ideas propias, a integración das competencias básicas, a conxunción do traballo individual e o colectivo, o uso das TICs, evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos, progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, materiais visuais e manipulativos, o uso dun SAAC polos nenos que o precisaron adaptacións á metodoloxía TEACCH o material de aula ¿ axudaron en grande medida a obtención de bós resultados.

Valoración xeral das actuacións/actividades desenvolvidas polo departamento/equipo ciclo

Fóra do Centro:

3º El viaje de Ernest y Celestine (CGAI); Excursión fin de curso ao Museo do Humor - Cofradía de Pescadores (Fene) ,

4º El traje Nuevo del Emperador (Fórum); El pequeño Nicolás (CGAI); Ruta por el Río Mero; Visita á Biblioteca Los Rosales; Percorrido Cidade Vella; Excursión fin de curso ao Ecomuseo do forte e andaina ata a praia de Seaia (Buño, Malpica).

3º, 4º Mago Antón (Ágora); Tim Flash, Emocións en perigo (Fundación Abanca); Bonilla; Concerto didáctico (Palacio de la Ópera); Concerto didáctico (Conservatorio Superior de Música);

Organizadas polo Centro: Samaín e Magosto; Carrera por la paz (Save the children) ; Desfile de Entroido;

No Centro:

3º Visita do escritor Pere Torabuela

4º Visita do escritor Antonio Manuel Fraga (Papá Caníbal); La ruta del agua

3º, 4º

Stop Accidentes; Taller ¿A lista da Compra (Concello); Caravan Planeta ODS.

Exposicións temporais: Expo Ceida: Ría do Burgo e Compañeirás do Mar e do Ceo.

Todas as actividades valóranse de xeito positivo.

As exposicións das que puidemos dispoñer temporalmente no Centro, non foron de moito interese para o alumnado e era difícil facerllas ver como algo motivador. Creemos que poderíamos prescindir nelas nos vindeiros cursos.

DEPARTAMENTO DE PLURILINGÜISMO.

Este é o segundo ano que o centro está integrado na Rede de Centros Plurilingües, impartindo a materia de Arts & Crafts en Inglés en primeir ciclo de EP. Cóntase coa presenza dunha auxiliar de conversa que participou nunha sesión semanal de Lingua Estranxeira en cada un dos niveis, coa preparación de materiais para actividades orais , e axudando a que o alumnado amosase máis interese por aprender Inglés para comunicarse, vendo de primeira man a utilidade de coñecer outra lingua distinta das nosas.

O alumnado tamén participou de xeito moi activo no storytelling `Robinson Crusoe¿, da compañía Face2Face que tivo lugar no colexio no mes de marzo, preparado previamente nas sesións de Inglés.

Asimesmo e co fin de coñecer tradicións de culturas de fala inglesa leváronse a cabo actividades de Thanksgiving, Christmas, Pancake Races e Easter.

INGLÉS

Valoración xeral moi positiva .Actividades moi variadas, atractivas, adaptadas á diversidade de alumnado. temática diversa, implicacións coas familias¿

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Durante o curso 2023/24 o DO desenvolveu o seu traballo de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe dende os principios de normalización, integración e inclusión (art. 71 da LOE, modificada pola LOMLOE).

O mércores 06 de setembro de 2023, procedeuse á constitución do departamento segundo sinala o artigo 4 de Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

Neste curso escolar forman parte do Departamento de Orientación: a Xefa do de Departamento que comparte as súas funcións coa Xefatura de Estudos, unha Mestra definitiva de Pedagogía Terapéutica a tempo completo e, unha Mestra provisional de Audición e Linguaxe, tamén a tempo total.

O centro contou durante o curso escolar 2023 - 2024 coa intervención de dúas profesionais do Personl Auxiliar Coidador, para atender ao alumnado con NEE que precisaba da súa atención, para poder ter un desenvolvemento adecuado no seu día a día, velar pola súa seguridade e fomentar a súa autonomía. Tanto no aplicativo DRDadi, como no DRDOrienta, ambos da Consellería de Educación, aparecen recollidos os datos do servizo de orientación, e as estadísticas de atención á diversidade deste curso 2023-2024 (alumnado con NEAE, así coma as intervencións de atención á diversidade levadas a cabo: informes, solicitudes, ditames, AC, demandas ó EOE, entrevistas coas familias, comunicación con servizos externos, etc.). A colaboración e comunicación, por parte de toda a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado, familias, servizos externos), é un aspecto a destacar.

En canto a consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación, cumpríronse na súa maioría, ampliándose en función das necesidades que foron xurdindo ao longo do curso, grazas ao traballo e colaboración de todo o equipo.

No segundo ciclo de primaria, recibiron apoio por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica 3 alumnos/as, e pola especialista de Audición e Linguaxe 4.

Algunhas das actuacións levadas a cabo polo DO foron as seguintes:

Asesoramento á comunidade educativa.

Asesoramento xeral na acción tutorial.

Actuacións promotoras da Convivencia.

Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes.

Aplicación da Proba de Comprensión Lectora e ACL

Coordinación con Servizos Externos.

Intervencións e asesoramento para fomentar a cohesión social.

Coordinadora Benestar e Punto Laranxa

Presentación por aulas da Coordinadora de Benestar e Punto Laranxa co fin de que os alumnos a coñezan e poidan contactar con ela para calquera dúbida ou información que precisen. En co Punto Laranxa o seu funcionamento e a actuación en caso de necesidade. Non se deron neste ciclo grandes conflitos ou alteracións da convivencia graves. As situacións que perturbaron o adecuado desenvolvemento das actividades nas aulas ou no centro foron pouco significativas e de pouca gravidade, pero non por iso deixamos de manter unha actitude de escoita e prevención para evitar que pequenos enfados xeren un clima negativo para a convivencia.

Propostas de mellora para o seguinte curso

RELIXIÓN

Estabilidade na ubicación da aula.

Maior vixianza cando se empregan ás aulas para outras actividades

Provisión de materiais didácticos para ACNEAE

Outras observacións

O nivel participou activamente nas diferentes propostas que dende os diferentes equipos de Dinamización se propuxeron:

BIBLIOTECA

Préstamo: Durante o primeiro trimestre realizouse na biblioteca. No segundo e terceiro trimestre levouse a cabo a través de baús de aula.

Mochilas viaxeiras: Cada semana un alumno/a levaba uha mochila para compartir en familia con libros en castelán, galego, inglés, consulta e un xogo.

Bibliopatios. Participamos da lectura ao aire libre durante o recreo na semana do libro.

Contacontos: Desfrutamos da lectura de contos: a través de escritores, profesorado, alumnado, alumnado voluntario na hora de ler, lapadriñamentos lectores interciclos en diferentes momentos do ano.

Teatro: Nela, desfrutamos de obras en diferentes idiomas: inglés, galego, castelán.

Visitas ás bibliotecas municipais: Visitamos a nosa Biblioteca de referencia, BM OS ROSALES. Fixemos uso da maleta de préstamos de libros que nos ofreceron o día que asistimos a actividade.

Mercalibro solidario. Participamos no Mercadiño de intercambio de libros por alimentos.

Encontro con escritores.. Antonio Manuel Fraga, autor do libro ¿ Papá Caníbal?, libro escollido por nós este ano para a lectura colectiva, veunos visitar. Foi un encontro no que escritor e lectores e lectoras

intercambiaron pareceres sobre a historia, o proceso de creación e o alumnado puido solventar de primeira man todas as dúbidas que lles xurdiran.

Os libros foron todos asinados polo autor.

Violencia De Xénero. Participamos lendo frases de Frida Kahlo, xunto con outros membros da comunidade escolar, nenos, nenas e familias.

Semana da prensa: Durante a semana do 4 ao 8 de Marzo acercámonos á información tanto da prensa escrita coma a dixital.

8 de Marzo: Cada alumno/a redactou unha noticia sobre algunha das mulleres que son ou foron noticia.

Foron expostas oralmente na clase.

Celebración do día do libro: Traballáronse frases relacionadas cos libros, frases que invitaron a ler e que fan referencia ao valor e a importancia das palabras e das historias. Cada frase ía acompañada dunha ilustración alusiva ao texto.

ELBE-2: Utilizamos a biblioteca dixital para a lectura do libro de Luísa Villalta, *¿ Alma de Violino¿*

Medio ambiente - Biblioteca- Dinamización Lingüística

Participamos activamente na celebración proposta polos tres equipos de Dinamización.

O libro, *¿Luísa Villalta, a nosa estrela¿*, fixo de fío conductor na actividade de celebración conxunta das Letras Galegas e do Medio Ambiente, festexado no noso Centro o día 5 de xuño. O acto rematou cunha canción proposta desde a Biblioteca *¿Cruel Filosofía¿*, da Banda da Loba. Foi o fin de festa onde todos, alumnado e profesorado, cantamos e bailamos ao ritmo da música.

MEDIO AMBIENTE

O obxectivo xeral foi dinamizar o mantemento do nosa horta escolar e o do noso invernadoiro, e seguir achegando ao noso alumnado á conservación e respecto pola Natureza, aproveitando este espazo tan singular do centro, coma unha fonte máis de aprendizaxe.

Descrición de las actividades realizadas:

Ao longo do curso, o segundo ciclo participou activamente nas seguintes actividades:

"As Brigadas Antilixo", para manter limpo os nosos espazos de tempo de lecer.

"Eco-voluntarios", para actividades imprevistas que xurdían do día a día (limpar o areeiro, desmontar o espantallo, colaboramos coma "augadores" cando se estropeu o rego, fixemos unha zanza,...

Deuselle un pulo ao noso Invernadoiro, colocación do rego por parte do profesorado, limpeza delimitación dos bancais para a plantación, posta do tecido antiherbas,..

Coidado e mantemento dos Bancais da Horta.

Realizáronse sementeiros.

Coidado e mantemento do Composteiro.

"Conversas na Horta", charlas sobre o ODS, correspondente ao mes, acompañadas dunha auga infusionada con menta, con romero e amorodos...

Traballos de investigación aproveitando o tempo da oratoria para expoñelos.

Colleitouse e cociñouse dende as aulas produtos da horta (kale, coliflor, acelgas, allo porros, menta, romero, amorodos,...).

Taboleiro da Horta, seguimos atentamente a información ofrecida, cos ODS e coas verduras de tempada, segundo o mes no que estababamos.

Participouse noutras conmemoracións a nivel centro: o 25N, fixemos flores de papel para o mural sobre Frida Kahlo; no Día do Libro, fixemos o apadriñamento lector a pé da Horta; nas Letras Galegas, cos ordenadores da Aula Móbil, investigamos sobre o toxo e coloreamos o deseño dun violín enredado nun toxo (baseado no libro: "As Palabras Ingrávidas"), que utilizamos para a o obradoiro de chapas. Colaboramos activamente na Conmemoración do Día do Medioambiente , o día 5 de xuño, a pé da Horta.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Participamos nas actividades seguintes:

Samaín: lectura e escrita de contos da serie *¿ Dos contos do trasno¿* e conto con adaptación con pictogramas do libro *¿ Dos arquivos do trasno¿*, debuxos, contos, decoración e Magosto.

Vocabulario visual e actividades varias sobre a muller e temáticas de conmemoración e festa (Nadal, Magosto...).

Concurso *¿ Faime Rir¿*

Publicacións web: calendario, conto, marcapáxinas, ...

Participación na preparación do Maio e festa Letras Galegas: agasallos, música, actividades Luísa Villalta Talleres e actividades oratoria en galego



TIC

Utilización da AULA MÓVIL

3º , Mércores 5ª hora, Xoves, 3º hora 4º A Mércores , 2º e 3º hora, 4ºA ; Xoves, 1º e 2º hora, 4º B

Informe de memoria final

Departamento didáctico

Ciclo/Departamento
Terceiro ciclo de primaria

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15005038	CEIP Plurilingüe de Prácticas	A Coruña	2023/2024

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapas	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Ciencias da Natureza	5º Pri.	A
Pri.	Ciencias da Natureza	6º Pri.	A
Pri.	Ciencias Sociais	5º Pri.	A
Pri.	Ciencias Sociais	6º Pri.	A
Pri.	Educación en valores cívicos e éticos	6º Pri.	A
Pri.	Educación física	5º Pri.	A
Pri.	Educación física	6º Pri.	A
Pri.	Educación plástica e visual	5º Pri.	A
Pri.	Educación plástica e visual	6º Pri.	A
Pri.	Lingua castelá e literatura	5º Pri.	A
Pri.	Lingua castelá e literatura	6º Pri.	A
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	5º Pri.	A
Pri.	Lingua Estranxeira - Inglés	6º Pri.	A
Pri.	Lingua galega e literatura	5º Pri.	A
Pri.	Lingua galega e literatura	6º Pri.	A
Pri.	Matemáticas	5º Pri.	A
Pri.	Matemáticas	6º Pri.	A
Pri.	Música e danza	5º Pri.	A
Pri.	Música e danza	6º Pri.	A
Pri.	Proxecto competencial	5º Pri.	A
Pri.	Proxecto competencial	6º Pri.	A

Materias, etapas, cursos e grupos

Etapa	Áreas/Materias	Curso	Grupos
Pri.	Relixión Católica	5º Pri.	A
Pri.	Relixión Católica	6º Pri.	A

Memoria final do ciclo/departamento

Valoración xeral do desenvolvemento das programacións didácticas e dos resultados académicos do alumnado

MEMORIA 3º CICLO

Óptimo desenvolvemento das programacións didácticas lixeiramente limitado por dificultades puntuais no propio grupo. Os resultados académicos son medios-altos na meirande parte do alumnado (92 %), baixos (unha materia ou ámbito pendente: 4 %) e moi baixos (varias materias ou ámbitos pendentes: 4%). Bo seguemento e aceptación xeral das actividades propostas como saídas, excursións, visitas a museos, obradoiros de medio ambiente, de seguridade vial, de revitalización e dinamización da lingua galega, musicais etc. A participación en programas INNOVA como, eduSaúde (recetas horta e infusiones; movemento na aula ,actividades de 10 min. de relaxación, baile e tabata) e eduExcelencia (obradoiros dos Venres). En 5º de EP unha nena suspendeu ámbito lingüístico(con RE). Esta nena ten AC en matemáticas e inglés. En 6º de EP un neno suspendeu inglés e unha nena suspendeu matemáticas, ámbito lingüístico e inglés. Ademais unha nena presenta TEA con AC nas áreas de matemáticas, ámbito lingüístico, ciencias sociais e inglés.

MEMORIA FINAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Durante o curso 2023/24 o DO desenvolveu o seu traballo de apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe dende os principios de normalización, integración e inclusión (art. 71 da LOE, modificada pola LOMLOE). O mércores 06 de setembro de 2023, procedeuse á constitución do departamento segundo sinala o artigo 4 de Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

Neste curso escolar forman parte do Departamento de Orientación: a Xefa do de Departamento que comparte as súas funcións coa Xefatura de Estudos, unha Mestra definitiva de Pedagogía Terapéutica a tempo completo e, unha Mestra provisional de Audición e Linguaxe, tamén a tempo total.

O centro contou durante o curso escolar 2023 - 2024 coa intervención de dúas profesionais do Persoal Auxiliar Coidador, para atender ao alumnado con NEE que precisaba da súa atención, para poder ter un desenvolvemento adecuado no seu día a día, velar pola súa seguridade e fomentar a súa autonomía. Tanto no aplicativo DRDadi, como no DRDOrienta, ambos da Consellería de Educación, aparecen recollidos os datos do servizo de orientación, e as estadísticas de atención á diversidade deste curso 2023-2024 (alumnado con NEAE, así coma as intervencións de atención á diversidade levadas a cabo: informes, solicitudes, ditames, AC, demandas ó EOE, entrevistas coas familias, comunicación con servizos externos,¿). A colaboración e comunicación, por parte de toda a Comunidade Educativa (profesorado, alumnado, familias, servizos externos), é un aspecto a destacar.

En canto a consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación, cumpríronse na súa maioría, ampliándose en función das necesidades que foron xurdindo ao longo do curso, grazas ao traballo e colaboración de todo o equipo.

No terceiro ciclo de primaria, recibiron apoio por parte da especialista de Pedagogía Terapéutica 6 alumnos/as, e pola especialista de Audición e Linguaxe 4.

Algunhas das actuacións levadas a cabo polo DO foron as seguintes:

- Asesoramento á comunidade educativa.
- Asesoramento xeral na acción tutorial.
- Actuacións promotoras da Convivencia.
- Realización de avaliacións psicopedagóxicas e informes.
- Aplicación da Proba de Comprensión Lectora ¿ ACL
- Coordinación cos Departamentos de zona (IES Salvador de Madariaga, IES Rafael Dieste).
- Coordinación con Servizos Externos.

- Intervencións e asesoramento para fomentar a cohesión social.
 Coordinadora Benestar e Punto Laranxa
 Presentación por aulas da Coordinadora de Benestar e Punto Laranxa co fin de que os alumnos a coñezan e poidan contactar con ela para calquera dubida ou información que precisen. En co Punto Laranxa o seu funcionamento e a actuación en caso de necesidade. Non se deron neste ciclo grandes conflitos ou alteracións da convivencia graves. As situacións que perturbaron o adecuado desenvolvemento das actividades nas aulas ou no centro foron pouco significativas e de pouca gravidade, pero non por iso deixamos de manter unha actitude de escoita e prevención para evitar que pequenos enfados xeren un clima negativo para a convivencia.

Valoración xeral das actuacións/actividades desvolvidas polo departamento/equipo ciclo

EQUIPO MEDIO AMBIENTE

Ao longo do curso, leváronse a cabo as seguintes actividades:
 "As Brigadas Antilixo". "Eco-voluntarios", para actividades como limpar o areeiro, limpeza e delimitación dos bancais para a plantación, posta do tecido antiherbas. Identificáronse os Bancais con carteis de madeira con Pirograbado (alumnado de 6º de E.P.). Realizáronse sementeiros. Coidado do Composteiro. As "Conversas na Horta", charlas sobre o ODS, auga infusionada con menta, romero e amorodos, un Blog, traballos de investigación e exposición destes. Fabricación de Papel Reciclado(NEAE, Altas Capacidades), as actividades Rede Eco Hortas, na maleta pedagóxica, ("Cambio climático" e "Cultivos e receitas tradicionais"). Colleitouse e cociñouse dende as aulas Kale. Elaborouse o plano da horta e do Invernadoiro coas plantacións de cada bancal. Visitounos unha comitiva Forestal. Visitamos o IES Monte Castelo (Burela) co alumnado de 6º de E.P. Participouse no Samaín, un grupo de alumnos con NEAE, Altas Capacidades, fixo un traballo sobre o Millo, o 25N, fíxose un mural sobre Frida Kahlo con flores de papel realizadas por todo o alumnado do centro, nas Letras Galegas o alumnado fixeron un traballo de investigación sobre o toxo e crearon unha chapa cun deseño dun violín enredado nun toxo "As Palabras Ingrávidas"). Celebrouse a Conmemoración do Día do Medioambiente (5X) na Horta.

INGLÉS

Contribuíuse á adquisición da competencia matemática (números, as horas), e á competencia social e cívica xa que a aula é unha traballando o respecto e interese polas intervencións dos compañeiros, lingüística, aprender a aprender, a conciencia e expresión culturais e a competencia dixital. Os obxectivos mínimos acadáronse nas seguintes porcentaxes: 5º EP (25 ALUMNOS/AS) 96% aprobados 6º EP (25 ALUMNOS/AS) 92% aprobados. Cóntase coa presenza dunha auxiliar de conversa que participou nunha sesión semanal de Lingua Estranxeira en cada un dos niveis, coa preparación de materiais para actividades orais, e axudando a que o alumnado amosase máis interese por aprender Inglés para comunicarse, vendo de primeira man a utilidade de coñecer outra lingua distinta das nosas. O alumnado tamén participou de xeito moi activo no storytelling "Robinson Crusoe", da compañía Face2Face que tivo lugar no colexio no mes de marzo, preparado previamente nas sesións de Inglés, e nunha representación teatral a cargo da mesma compañía que tivo lugar na Fundación Abanca en febreiro, e có título "Trouble in the Jungle". Asimesmo e có fin de coñecer tradicións de culturas de fala inglesa leváronse a cabo actividades de Thanksgiving, Christmas, Pancake Races e Easter.

BIBLIOTECA

O Día da Violencia De Xénero, frases de Frida Kahlo, que foron lidas por todos os membros da comunidade escolar, nenos, nenas e familias. Na Semana da prensa, promovéronse actividades para acercar ao alumnado á información tanto da prensa escrita coma a dixital. O 8 Marzo, redáctase unha noticia sobre algunha das mulleres que son ou foron noticia. O Día do Libro, escolleron frases relacionadas cos libros, acompañadas dunha ilustración, que fan referencia ao valor e a importancia das palabras e das historias. Promoveuse o uso da biblioteca dixital ELBE. Levouse a cabo o Mercalibro Solidario no que o alumnado pudo intercambiar libros por alimentos que logo foron donados ao Banco de Alimentos. Realizáronse exposicións de recomendacións lectoras para o traballo das conmemoracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz e non violencia, Día da muller, Día das letras galegas, Día do libro. A biblioteca proporcionou os fondos necesarios ao profesorado, para poder traballar aqueles escritores/as relevantes, como Luísa Villalta. O libro, "¿Luísa Villalta, a nosa estrela?", fixo de fío conductor na actividade de celebración conxunta das Letras Galegas e do Medio Ambiente, festexado no noso Centro o día 5 de xuño. O acto rematou cunha canción proposta



desde a Biblioteca ,Cruel Filosofía, da Banda da Loba que cantamos todos xuntos. Está baseada en tres dos poemas incluídos no volume ¿As palabras ingravidas? da escritora homenaxeada.

MÚSICA E DANZA

As obras, O quebranoces en 5º curso e A fruta máxica en sexto empregáronse para desenvolver os diferentes contidos . De tal xeito no primeiro trimestre partimos do coñecemento da obra plantexada para profundizar nela e noutras dos compositores así como na propia figura do compositor das mesmas (Tchaikovsky e Mozart), o que nos permitiu traballar os conceptos de formas e texturas musicais, e pasar ao repaso de diferentes elementos da linguaxe musical, a ampliación de algúns deles, e a prendizaxe de outros novos; así como a novos contidos relacionados co canto, as voces e as agrupacións vocais. Arrancou o segundo trimestre traballando a expresión instrumental, partindo da percusión corporal e do uso de PAI, PAD e a fruta doce; Traballouse a identificación visual e auditivamente dos instrumentos musicais máis relevantes e a súa clasificación , os instrumentos vistos en curso anteriores e a agrupación dentro da orquesta sinfónica e a cosntrucción de instrumentos con material de refugallo. No 3º trimestre traballouse o folclore galego, a danza nosa, de outras culturas e noutras épocas e a dramatización e teatralización; sempre co leimotiv da obra empregada ao longo do curso. Todo o alumnado aprobou a materia.

EDLG:

No Samaín levouse a cabo a lectura a outros ciclos de contos serie "Dos contos do trasno" e conto con adaptación con pictogramas do libro "Dos arquivos do trasno". Vocabulario visual e actividades varias sobre a muller e temáticas de conmemoración e festa do Nadal, Magosto). O Concurso ¿Fai-me Rir¿. Publicacións web: calendario, conto, marcapáxinas, Participación na preparación do Maio e festa Letras Galegas: agasallos, música, actividades Luísa Villalta. Talleres e actividades de oratoria en galego. Participación na actividade IES Rafael Dieste dos carteis "Aquí tamén se fala galego".

EDUCACIÓN FÍSICA

5º e 6º de primaria: O 1º trimestre traballouse as capacidades físicas básicas , á iniciación deportiva co badminton e xogos alternativos como o dachball e o patabeisbol (que se practicaron tamén nos outros trimestres). No 2º trimestre, os deportes de adversario e colectivos co balonmán e outros xogos alternativos (colpbol, dachball, patabeisbol...). No 3º trimestre continuamos co baloncesto, voleibol, xogos populares e Acrosport. Todo o alumnado aprobou a materia.

RELIXIÓN CATÓLICA

Os resultados obtidos son moi satisfactorios, sobresaíndo a alta participación e a boa implicación do alumnado nas actividades propostas, variadas, atractivas, diversas, adaptadas a diversidade do alumnado e a implicaron ás familias. A metodoloxía respectou o desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, os ritmos e estilos de aprendizaxe, a curiosidade . Utilizáronse os recursos tecnolóxicos, o traballo cooperativo, a reflexión sobre as ideas propias, a integración das competencias básicas, o traballo individual e o colectivo, o uso das TICs, os coñecementos previos para abordar os novos contidos, a incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas, materiais visuais e manipulativos, o uso dun SAAC polos nenos que o precisaron, adaptacións á metodoloxía TEACCH o material de aula .

EQUIPO TICS

A contribución do equipo TIC foi facer o inventario de equipos informáticos, xestión da dotación de cable de red trala supresión da Aula de Informática, configuración, posta en marcha e mantemento da AULA INFORMÁTICA MÓBIL, resolución de incidencias leves nos equipos de profesorado e de alumnado , problemas de conectividade, o protocolo de atención de incidencias coa UNIDADE DE ATENCIÓN A CENTROS (UAC), posta ao día do Plan Dixital do Centro (eduCalidade), seguemento dos recursos EDIXGAL, resolución directa de incidencias leves. Resolución de incidencias graves a través do SERVIZO PREMIUM.

Propostas de mellora para o seguinte curso

RELIXIÓN CATÓLICA

As propostas son a estabilidade na ubicación da aula; unha maior vixianza cando se empregan ás aulas para outras actividades e a provisión de materiais didácticos para ACNEAE.

Outras observacións